C O N C E L L O D E C E R D E D O - C O T O B A D E

Chan, 11 – Carballedo36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201

FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2025
MEDIDAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

- Só poderán facerse as fogueiras que fosen previamente comunicadas no Concello e que se atopen en terreos particulares localizados en solo urbano ou en solo de núcleo rural.

- *A persoa responsable da fogueira* deberá ter un teléfono móbil dispoñible en todo momento durante a celebración da fogueira.

- *T*eléfonos de emerxencias:
  012 (Emerxencias)
  085 (lumes forestais)
  661.64.14.79 (Protección Civil do Concello).

- Queda prohibido realizar fogueiras no monte. Non se poderá prender lume preto de masas forestais ou matogueiras.

- As fogueiras terán que distar un mínimo de 6 metros de radio por cada metro de altura de combustible a construcións/edificacións, mobiliario urbano, tendidos eléctricos, telefónicos ou vehículos. Especial atención a non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local ou almacén con produtos inflamables. Arredor da fogueira deberá estar desbrozado.

- Deberase contar cun medio de extinción do lume axeitado ás dimensións da fogueira (caldeiros de auga, area, extintores, mangueira de auga, etc). Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e asegurado antes de marcharse.

- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se é un día de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, latas, vidro, PVC, aerosois, aceites, produtos inflamables ou explosivos... e en xeral, calquera sustancia que ao arder desprenda gases ou fumes tóxicos.

P3600048G